



## **PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN VIRTUAL DO ALUMNADO VULNERABLE**

### **Coñecemento:**

- En coordinación co profesorado titor e os/as especialistas, informarse da situación de todo o alumnado, especialmente do que ten neae, e dos recursos de que dispoñemos para chegar a eles.
- Informarse, mediante chamadas telefónicas ás familias, da situación emocional deste alumnado durante o confinamento.
- Informarse das necesidades do profesorado en canto a recursos e dúbidas sobre os aspectos relacionados coas tarefas que se propoñen, avaliación e promoción (a través de chamadas telefónicas, videoconferencias, correo electrónico).

### **Planificación:**

- Asesorar sobre aspectos importantes relacionados coa organización e prioridades no traballo co alumnado, facendo especial fincapé na preparación de tarefas que leven a un traballo competencial.
- Identificar o material informático dispoñible no centro, e comprobar que a aplicación FALEMOS funcione bidireccionalmente (escola-familia e viceversa).

## Intervención:

- En caso de peche de aula por confinamento ,no anexo do Plan de Continxencia están os HORARIOS ESPELLO, onde están regulados os tempos, descansos e actuación do profesorado titor, especialistas, PT, AL e ARCO para a atención de todo o alumnado.
- Dados os desaxustes detectados e a descompensación de desigualdades do alumnado en canto a medios e recursos de acceso as actividades, incidir na necesidade de priorizar aprendizaxes instrumentais (lectura, escritura e cálculo) como reforzo para uns e compensación para os máis desfasados e desconectados do currículo.
- Colaboración do Departamento de Orientación co Equipo Directivo na detección do alumnado con menos recursos e máis dificultades de comunicación para facerlles chegar material, previamente preparado cos/as titores/as, dende o centro aos seus domicilios.
- Insistir e asesorar na importancia das estratexias metodolóxicas neste momento, tratando de propoñer tarefas que teñan unha menor carga conceptual e nas que predominen os aspectos procedimentais e actitudinais; adecuando as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares, de ser caso, para a consecución das competencias clave en todas as materias.
- Celebrar reunións de coordinación dos Equipos docentes de cada grupo para establecer pautas para desenvolver tarefas ou proxectos, axustar tempos de traballo, compartir información sobre o alumnado, ofrecer apoios con guías ou videotitoriais,etc.
- Asesoramento ás familias dándolle información e estratexias para afrontar os conflitos e as situación de estrés e ansiedade que se produzan.
- O Departamento de Orientación asesorará na elaboración, conxuntamente co Equipo directivo, dunha nova estrutura organizativa, axudando ao profesorado, a través dos especialistas en Pt e Al, na elaboración de actividades para o alumnado con neae.

- Corrección das actividades como medio de retroalimentación e motivación para o alumnado e como avaliación diagnóstico-formativa.
- Seguimento das familias, via telefónica, para axudarlles na resolución de conflitos que vaian xurdindo.
- Manter contacto cos servizos sociais do Concello, Aldeas Infantiles, Gabinetes e outros, que colaboran na formación do alumnado do noso centro.
- Asesoramento a todo o persoal docente sobre dúbidas que vaian xurdindo no desempeño da súa función nestas circunstancias extraordinarias.